



INSTRUCCIÓN 13/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, POLA QUE SE MODIFICA A INSTRUCCIÓN 7/2020 EN RELACIÓN COA INCORPORACIÓN DE PROFESIONAIS EN SITUACIÓN DE XUBILACIÓN

Entre as medidas especiais en materia de recursos humanos, o apartado *cuarto* da Orde SND/232/2020, do 15 de marzo (BOE do 15 de marzo) posibilita a reincorporación ao servizo activo -compatible coa pensión de xubilación- de profesionais médicos e enfermeiros menores de setenta anos.

A instrución 7/2020 desta xerencia, do 18 de marzo, dispuxo que *“esta reincorporación formalizárase no modelo que figura como Anexo III desta instrución e realizárase nas condicións retributivas persoais na data da xubilación, sen que proceda alta na Seguridade Social e cotización. A prestación de servizos poderá ser a xornada completa ou parcial”*.

O Real Decreto-lei 13/2020, do 7 de abril (BOE do 8 de abril), vén de modificar a disposición adicional décimo quinta do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo (BOE do 1 de abril), ampliando para este suposto as continxencias protexidas e establecendo as obrigas xerais en materia seguridade social (afiliación, alta, baixa, variación de datos e cotización).

Co base no que antecede, dítase a seguinte

INSTRUCCIÓN

Queda sen efecto, exclusivamente no que se refire á seguridade social (alta e cotización), o apartado terceiro da instrución 7/2020 desta xerencia (*reincorporación de profesionais en situación de xubilación*).



Nesta materia aplicarase o que dispoña a normativa estatal da seguridade social; actualmente, a disposición adicional décimo quinta do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo (BOE do 1 de abril), na redacción dada polo Real Decreto-lei 13/2020, do 7 de abril (BOE do 8 de abril), e demais normativa complementaria de aplicación

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2020

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo



Instrución 13/20